

3. Xuventude en risco: condicións de vida, experiencias xuvenís e problemas sociais.

4. Ámbitos de intervencións e estudos de casos.

5. Deseño e establecemento de plans e programas de intervención.

Artigo 7º.-Solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

As solicitudes de admisión ao curso dirixiranse ao Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar.

O modelo de solicitude descárgase do portal www.xuventude.net.

Artigo 8º.-Certificacións de asistencia.

1. Outorgaráselles o correspondente certificado de asistencia aos alumnos que participen con regularidade e dedicación no desenvolvemento dos cursos. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polos alumnos realizáranse probas obxectivas a distancia ao longo do curso, e ao remate levarase a cabo unha proba avaliativa presencial nas instalacións do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia ou onde se indique no seu momento.

2. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións presenciais dos cursos, así como ás xornadas, encontros e/ou congresos que organice a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado con temática relacionada coa xuventude durante a duración do curso. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo interesado. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, a máis do 15% das horas presenciais, impedirá a expedición da certificación anteriormente referida e dará lugar á baixa no curso coa perda de todos os dereitos.

Artigo 9º.-Modificacións.

A Consellería de Traballo e Benestar poderá suspender o curso se non houbese un mínimo de alumnos, así como modificar o desenvolvemento e os contidos do curso anunciado co fin de adaptalo ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

Artigo 10º

A asistencia a este curso será gratuíta para as alumnas e alumnos seleccionados.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

Orde do 1 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións para sufragar os gastos de organización interna e funcionamento das entidades asociativas de traballadores autónomos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

O artigo 19 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo establece que as asociacións de traballadores autónomos son as titulares dos dereitos de carácter colectivo, entre outros, a exercer a defensa e tutela colectiva dos intereses profesionais das persoas traballadoras autónomas.

O traballo autónomo constitúe un sector de importancia fundamental na creación de emprego e riqueza e no que descansa boa parte da estabilidade do sistema económico de Galicia. Por iso, o fomento do asociacionismo no sector do autoemprego contribúe á consolidación do colectivo das persoas traballadoras autónomas.

Neste contexto, esta orde establece por primeira vez na Comunidade Autónoma de Galicia axudas para o financiamento dos gastos xerais de funcionamento, infraestrutura e mantemento das entidades asociativas de traballadores autónomos para que poidan desenvolver de forma eficaz o cumprimento da súa finalidade e fortalecer a súa estrutura.

Segundo o disposto no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle a esta a xestión do rexistro de asociacións profesionais de traballadores autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o establecemento de programas de apoio ás entidades asociativas de traballadores autónomos.

As bases reguladoras das subvencións reguladas nesta orde establecen que o procedemento de concesión tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Fondos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada, e no exercizo das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

FINALIDADE, ÁMBITO E PRINCIPIOS DE XESTIÓN

Artigo 1º.-Finalidade.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2010 dun programa

de axudas destinado a sufragar os gastos de organización e funcionamento das entidades asociativas de traballadores autónomos, coa finalidade de apoiar de forma eficaz a conseguir o cumprimento dos fins que lle son propios.

2. A xestión destas subvencións realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo e Benestar.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-*Normativa aplicable.*

As solicitudes, tramitación e concesión destas subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010; e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e nesta orde.

Artigo 3º.-*Entidades beneficiarias.*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta orde as entidades asociativas de traballadores autónomos de carácter intersectorial e cuxo ámbito de actuación comprenda todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e non sexan de ámbito superior ao da comunidade autónoma.

2. Para os efectos desta orde, enténdese por entidade asociativa de traballadores autónomos de carácter intersectorial aquela que conte con membros en, polo menos, dous sectores económicos, entre os da agricultura, industria, construción e servizos.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades nas que concorran algunha das prohibicións establecidas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Requisitos das entidades beneficiarias.*

As entidades solicitantes, para ser beneficiarias, deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter personalidade xurídica propia e independente e estar legalmente constituídas.

b) Estar inscritas no rexistro público correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Desenvolver a súa actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia

d) Ter sede na Comunidade Autónoma de Galicia, entendendo por tal dispoñer dunha oficina ou delegación permanente nela.

Artigo 5º.-*Gastos subvencionables.*

1. Serán subvencionables os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada realizados no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de outubro de 2010. En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

2. Poderán concederse subvencións para o financiamento dos seguintes gastos xerais das entidades asociativas de traballadores autónomos relacionados coa natureza da súa actividade e a consecución dos fins que lle son propios:

a) Gastos de persoal. Só se terá en conta o salario base e as cotizacións sociais.

b) Arrendamentos de locais.

c) Servizos profesionais independentes.

d) Primas de seguros.

e) Publicidade e propaganda.

f) Material de oficina, fotocopias e imprenta.

g) Gastos de subministracións eléctricas, de telefonía, de gas e de auga.

h) Cotas de subscripción a publicacións e inscrición en actividades.

i) Gastos de organización ou participación en congresos, seminarios ou xornadas, incluídos gastos de desprazamento e manutención.

j) Gastos ocasionados pola realización de actividades de formación, elaboración de estudos e publicacións ou pola implantación de proxectos ou programas de promoción do emprego autónomo, incluídos, neste suposto, os gastos de desprazamento e manutención.

Os gastos derivados das actividades recollidas nos apartados i) e j) deberán corresponderse con algunhas das partidas que figuren recollidas no orzamento de gastos que se achegue coa solicitude.

A contía da subvención polos gastos de desprazamento e manutención non poderá superar a cantidade de 90 € por persoa e día.

3. En ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

1º Os gastos de persoal e os gastos por servizos profesionais que puideran derivarse da contratación dalgún membro dos órganos de goberno da entidade solicitante.

2º Os gastos que, en concepto da prestación de servizos, aboe a entidade solicitante a outras entidades asociativas que integre ou nas que se atope integrada.

3º Os tributos son gasto subvencionable cando a beneficiaria da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Artigo 6º.-*Contía das subvencións.*

1. Poderá subvencionarse ata o 80% dos gastos subvencionables establecidos no artigo 5º, sendo, en todo caso, o 20% restante por conta da entidade beneficiaria.

2. A contía máxima da subvención non poderá exceder a cantidade de 40.000 €, poidendo, no caso de insuficiencia orzamentaria para atender a totalidade das solicitudes, proceder ao pro rateo do importe do crédito existente entre as entidades beneficiarias da subvención, de conformidade co establecido no artigo 19.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Para a determinación das contías individualizadas das subvencións, unha vez ordenadas as solicitudes de maior a menor puntuación, iranse adjudicando ata esgotar o crédito dispoñible, de acordo cos seguintes criterios de gradación:

a) Á solicitude que obtivese a maior puntuación adjudicaráselle a contía máxima da subvención.

b) Para o resto de solicitudes, adjudicarase unha contía en proporción á súa puntuación e á da solicitude que obtivese a maior puntuación.

Na asignación dos criterios anteriores, teranse en conta as seguintes consideracións:

1º As entidades que obteñan a mesma puntuación consideraranse incluídas nun mesmo grupo para os efectos de aplicación da proporcionalidade referida. Se no proceso de asignación das subvencións se chegase a un grupo de solicitudes que obtivesen a mesma puntuación, e non se dispuxese de crédito suficiente para aplicar a todas elas a contía que lles correspondería pola puntuación obtida, a contía única que hai que aplicar será a que esgote o crédito dispoñible.

2º Se ao aplicar estes criterios de gradación resultase crédito sobrance, adjudicarase ata que se esgote, entre as primeiras solicitudes que non acadasen o importe máximo da subvención.

4. Notificada a resolución de concesión da subvención polo órgano concedente, se algunha das entidades beneficiarias, no prazo dun mes, renunciase de forma expresa ao seu dereito de percepción da subvención, poderá adjudicarse o crédito liberado, segundo o procedemento establecido no artigo 12º desta orde, entre as solicitudes que, acadando a puntuación mínima exihibible, non obtivesen a condición de subvencionables polo esgotamento do crédito orzamentario.

Artigo 7º.-*Subcontratación das actividades subvencionadas.*

Autorízase a subcontratación con terceiros ata unha porcentaxe máxima do 80% do custo total para as actividades contempladas nos apartados i) e j) do artigo 5º, coas condicións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tendo en conta as circunstancias sinaladas no artigo 43 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No suposto de que a subcontratación se realice con persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria da

subvención, será necesario que á solicitude de subvención se acompañe unha petición de autorización ao órgano concedente para que se poida efectuar a dita subcontratación.

A petición de autorización deberá presentarse acompañada dunha memoria na que se describa a parte da actividade que vai ser obxecto de subcontratación, as persoas ou entidades vinculadas coas que se vai subcontratar indicando o tipo de vinculación existente, así como o importe da subcontratación prevista, desagregando as cantidades que se van percibir por cada unha das persoas ou entidades coas que se realice a subcontratación.

Así mesmo, deberán indicarse as razóns sobre a necesidade de realizar a subcontratación coas persoas ou entidades vinculadas.

En ningún caso o importe da actividade subcontratada con persoas ou entidades vinculadas poderá superar o 50% do importe da actividade subvencionada e sen que o importe por persoa ou entidade vinculada poida ser superior ao 15% do custo total da actividade subvencionada.

CAPÍTULO II

NORMAS COMÚNS: COMPETENCIA E PROCEDIMENTO

Artigo 8º.-*Competencia.*

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes das subvencións previstas nesta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

Artigo 9º.-*Solicitudes e prazo.*

1. As solicitudes de subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver, e presentaranse, segundo o modelo normalizado que se insire como anexo I desta orde, nos rexistros da Xunta de Galicia, ou en calquera dos lugares e das formas previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de un mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

3. As solicitudes e os anexos están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://traballo.xunta.es>.

Artigo 10º.-*Autorizacións.*

1. A presentación da solicitude de subvención pola entidade interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributa-

ria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, conforme o previsto no artigo 48 da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 as entidades sen ánimo de lucro están exentas de achegar os xustificantes de cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a entidade interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros, con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Coa presentación da solicitude de subvención, a persoa interesada autoriza expresamente á Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co establecido no artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. En caso de non prestar a autorización deberá presentar a fotocopia do documento acreditativo da identidade da persoa interesada.

4. Coa presentación da solicitude de subvención a entidade interesada autoriza expresamente á Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con expresión da convocatoria, o programa, o crédito orzamentario ao que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención.

Artigo 11º.-*Documentación.*

1. As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde e deberán ir acompañadas do orixinal ou copia compulsada, da documentación que se relaciona:

a) DNI ou NIE da persoa representante e escritura de poder suficiente para actuar en nome da entidade

perante a Administración pública, agás que a capacidade de representación se contemple nos estatutos.

b) Acta de constitución e estatutos da entidade.

c) Tarxeta de identificación fiscal da entidade solitante.

d) Memoria das actividades realizadas pola entidade no exercizo anterior, así como as últimas contas anuais aprobadas, acompañadas da certificación acreditativa de dito extremo expedida polo representante legal.

e) Orzamento de ingresos e gastos e memoria das actividades previstas para o exercizo 2010, que inclúa unha breve historia da entidade, descrición da súa implantación territorial e a relación de servizos que prestan aos seus asociados.

f) Certificación da persoa representante legal da entidade na que figure unha relación das entidades asociadas e o número de persoas asociadas, acompañada dun anexo no que se desagregue esta información a nivel provincial e por sectores económicos, distinguindo as persoas asociadas directas das que o son a través de entidades asociadas, segundo o modelo do anexo III.

g) Relación individualizada dos gastos que se van ter en conta para o cálculo da contía da subvención, segundo o modelo do anexo IV.

h) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, das administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo V.

i) Declaración responsable, entre outros extremos, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e autorizacións, segundo o modelo do anexo VI.

j) Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que quen solicita é titular da conta, segundo o modelo do anexo VII.

k) Para o suposto de subcontratación con persoas ou entidades vinculadas coa entidade beneficiaria da subvención, achegarase unha petición de autorización para que se poida efectuar a subcontratación así como a memoria co contido sinalado no parágrafo terceiro do artigo 7º.

2. As solicitudes acompañarán os documentos sinalados no número anterior, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirllle ao solicitante a súa presentación con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 12º.-*Instrución, tramitación e procedemento de concesión.*

1. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común requirirá á entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará por desistida da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

2. O procedemento de concesión das subvencións previstas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O órgano instrutor será o Servizo dos Autónomos e Inserción Laboral da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, que realizará as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

4. Unha vez efectuados o exame e avaliación das solicitudes, someteranse a informe da comisión de avaliación, que terá a seguinte composición:

Presidente: a persoa titular da Subdirección Xeral de Apoio á Contratación, aos Emprendedores e ao Traballo Autónomo.

Vogais: a persoa titular do Servizo dos Autónomos e Inserción Laboral e unha persoa técnica da Dirección Xeral de Promoción do Emprego designada polo seu titular, que actuará como secretaria.

5. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión de avaliación formulará a correspondente proposta de resolución.

Artigo 13º.-*Criterios de valoración.*

1. A valoración das solicitudes presentadas efectuarase de acordo cos seguintes criterios:

- a) Número total de asociados e asociacións integradas na entidade solicitante. Ata 40 puntos.
- b) Número de sedes. Ata 20 puntos.
- c) Orzamentos do exercizo 2009. Ata 20 puntos.
- d) Actividades realizadas no exercicio 2009 e servizos que prestan aos seus asociados. Ata 15 puntos.
- e) Acordos de interese profesional concertados. Ata 15 puntos.
- f) Antigüidade. Ata 15 puntos.

g) Intersectorialidade. Ata 10 puntos.

h) Postos de traballo de carácter fixo con que conta a entidade. Ata 10 puntos.

i) Media do cadro de persoal da entidade no exercizo 2009. Ata 10 puntos.

j) Emprego e promoción da lingua galega na documentación. Ata 5 puntos.

2. Para a comparación das solicitudes presentadas establécese unha puntuación máxima de 160 puntos, co fin de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración establecidos no parágrafo anterior e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior puntuación. As entidades solicitantes terán que obter como mínimo 80 puntos para acceder ás subvencións reguladas nesta orde.

3. Non obstante, non será necesario fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, para o caso de que o crédito consignado nesta convocatoria fose suficiente, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación, conforme ao previsto no artigo 55 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. As entidades solicitantes deberán presentar, xunto co resto da documentación que se sinala no artigo 11º.1, toda a documentación acreditativa que permita aplicar os criterios de valoración do apartado 1 deste artigo e que servirá de base para a concesión da subvención.

Artigo 14º.-*Resolución e recursos.*

1. Logo da fiscalización pola intervención da proposta emitida polo órgano instrutor, as resolucións serán ditadas polo órgano competente para resolver, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, e deberán serlles notificadas ás entidades interesadas. As resolucións, concesorias ou denegatorias, serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1º e 2º da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o órgano

competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Con anterioridade á interposición de dito recurso, poderá formularse con carácter potestativo recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redación dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da anterior.

Artigo 15º.-Xustificación e pagamento.

1. O pagamento da subvención quedará condicionado á presentación no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que se exixa de forma expresa nela, xustificativa da realización da actividade, entre a que deberá figurar:

a) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Certificación expedida pola persoa representante da entidade que inclúa unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, de ser o caso, a data de pagamento, acompañada das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e da documentación acreditativa do seu pagamento.

c) Declaración complementaria do establecido no artigo 11º desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo V.

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

A xustificación do pagamento dos gastos obxecto da subvención deberá acreditarse mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados a persoa receptora e a emisora do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria.

3. As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo establecido na resolución de concesión, ou, se é o caso, ata o 15 de novembro de 2010. Excepcionalmente, este prazo poderá ser prorrogado en 15 días de forma extraordinaria e por causas debidamente xustificadas.

4. Se da documentación presentada pola entidade beneficiaria quedase xustificada unha contía infe-

rior da subvención inicialmente concedida, emitirase a correspondente resolución revogatoria.

5. Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

CAPÍTULO III

INCOMPATIBILIDADES E OBRIGAS

Artigo 16º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. As subvencións reguladas nesta orde serán compatibles con calquera outra clase de subvencións, axudas ou ingresos obtidos para a mesma finalidade.

2. Non obstante o anterior, en ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total da actividade de que vaia desenvolver a entidade beneficiaria.

Artigo 17º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

Son obrigas das entidades beneficiarias das subvencións:

a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

b) Xustificar perante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para darlle publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-*Modificación da resolución de concesión.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 19º.-*Revogación e reintegro.*

Procederá a revogación das subvencións establecidas nesta orde, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 20º.-*Devolución voluntaria da subvención.*

Segundo o establecido no artigo 64 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os beneficiarios poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta de *Caixa Galicia* 2091 0300 47 3110063172.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar perante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 21º.-*Seguimento e control.*

1. Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento das subvencións.

Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean a disposición da Consellería de Traballo e Benestar para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

2. A Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Disposicións adicionais

Primeira.-A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde.

Segunda.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias das que traen causa, ditadas por delegación da persoa titular da consellería.

Terceira.-A concesión das subvencións reguladas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

Cuarta.-No exercicio económico 2010, as subvencións recollidas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 12.04. 322C 481.4, código de proxecto 2010 00 843, que conta cun crédito de 200.000 € e aparece recollida na Lei 9/2009, do 23 de decembro de 2009, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE TRABALLO
 E BENESTAR

ANEXO I

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES ASOCIATIVAS DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR358A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO/A SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE/CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
REXISTRO ONDE FIGURA INSCRITA A ENTIDADE	DATA DE INSCRICIÓN	Nº REXISTRO	

DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

APELIDOS	NOME	DNI/NIE
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
EN CALIDADE DE		

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO			
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán ao ficheiro Axudas de Promoción do Emprego para o seu tratamento coa finalidade da xestión, avaliación, seguimento e estatística deste programa. A presentación da solicitude supón a cesión de datos persoais á Consellería de Traballo e Benestar por parte da entidade solicitante, polo que esta é responsable de informar ao traballador sobre a existencia e finalidade da cesión así como da obtención do seu consentimento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do ficheiro, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lop.d.traballo@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 1 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións para sufragar os gastos de organización interna e funcionamento das entidades asociativas de traballadores autónomos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	REVISADO E CONFORME	_____
		DATA DE ENTRADA
		____/____/____
		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____

ANEXO II

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA COA SOLICITUDE (artigo 11º)

Indíquese cun x a documentación que se xunta

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos da orde, e deberán ir acompañados, do orixinal ou copia compulsada, da seguinte documentación:

- DNI ou NIE da persoa representante e escritura de poder suficiente para actuar en nome da entidade ante a Administración pública, agás que a capacidade de representación se contemple nos estatutos.
- Acta de constitución e estatutos da entidade.
- Tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Memoria das actividades realizadas pola entidade no exercicio anterior, así como as últimas contas aprobadas, acompañadas da certificación acreditativa de dito extremo expedida polo representante legal.
- Orzamento de ingresos e gastos e memoria das actividades previstas para o exercicio 2010, que inclúa unha breve historia da entidade, descrición da súa implantación territorial e a relación de servizos que prestan aos seus asociados.
- Certificación do representante legal da entidade na que figure unha relación das entidades asociadas e o número de asociados, acompañada dun anexo no que se desagregue esta información a nivel provincial e por sectores económicos, distinguindo os asociados directos dos que o son a través de entidades asociadas, segundo o modelo do anexo III.
- Relación individualizada dos gastos que van ter en conta para o cálculo da subvención, segundo o modelo do anexo IV.
- Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, das administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo V.
- Declaración responsable, entre outros extremos, de non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e autorizacións, segundo o modelo do anexo VI.
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que quen solicita é titular da conta, segundo o modelo do anexo VII.
- Para o suposto de subcontratación con persoas ou entidades vinculadas coa entidade beneficiaria da subvención, acompañarase unha petición de autorización para que se poida efectuar a subcontratación, así como a memoria co contido sinalado no parágrafo terceiro do artigo 7º.

As solicitudes e os anexos están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://traballo.xunta.es>

ANEXO V

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

EXP. Nº

PROCEDEMENTO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

Don/dona

DNI/NIF nº

en nome e representación da entidade

con NIF/CIF nº

en calidade de

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS:

ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E, para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO VI

DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN

Don/dona DNI/NIE nº
 en nome e representación da entidade
 con NIF/CIF nº en calidade de

DECLARA QUE:

- a) Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) Non concorre ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e reúnense as condicións para ser beneficiario/a de acordo co establecido no artigo 4º da orde de convocatoria.
- c) Indicar o que corresponde:
- Non ten solicitado nin percibido para este proxecto ningunha outra axuda dunha Administración ou entidade pública.
- Ten percibido ou solicitado as axudas indicadas na relación que se xunta (no modelo que figura como anexo V).
- d) Autoriza a obtención das certificacións establecidas no artigo 10º da orde de convocatoria, que debe emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. No caso de denegación expresa do consentimento deberá achegar as devanditas certificacións.
- Non autoriza a obtención.
- e) Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás subvencións recibidas, así como as sancións impostas. (Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros, na rúa Domingo Fontán 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).
- f) Autoriza expresamente á Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo co establecido nos apartados 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con expresión da convocatoria, o programa, o crédito orzamentario ao que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención.
- g) Autorizo á consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia SI NON

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

Asdo.:

(Sinatura da persoa solicitante)

ANEXO VII

EXPEDIENTE
CÓDIGO DO PROCEDIMENTO

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		NIF	
[]		[]	
ENDEREZO			
[]			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
[]	[]	[]	[]

DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
[]	[]	[]	[]
BANCO	ENDEREZO		
[]	[]		
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
[]	[]	[]	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

Sinatura do/da solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

Orde do 2 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Estratexia europea de emprego, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia alcance uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión no territorio, é preciso adoptar políticas que promovan a calidade dun modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade de toda a sociedade galega para crear emprego.

A competencia en materia de políticas activas de emprego correspóndelle a Consellería de Traballo e Benestar, de acordo co disposto no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia; e no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar. No obxectivo principal da creación de

emprego é necesario establecer medidas coa finalidade de mellorar a situación laboral das persoas que traballan no agro e promover a creación de emprego no sector agrario de Galicia.

A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, establece no seu artigo 31 que as políticas activas de emprego en Galicia terán en conta de xeito prioritario a situación das mulleres no medio rural. Así mesmo, o artigo 38 desta lei establece que o departamento da administración competente en materia de traballo poderá incluír, nas actuacións programadas en relación coa política de emprego destinada a promover a inserción laboral efectiva das mulleres, accións positivas e actuacións de discriminación positiva dirixidas á equiparación de ambos os sexos no emprego por conta propia, e que nas medidas dirixidas ao fomento de empresariado feminino teranse en conta de xeito preferente as mulleres emprendedoras do medio rural.

A disposición adicional cuadraxésimo novena da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, estableceu unha redución durante tres anos do 30% da cota por contingencias comúns de cobertura obrigatoria, a favor das persoas cotitulares de explotacións agrarias, sempre que se trate de persoas de 40 ou menos anos de idade, e que o/a seu/súa cónxuxe, cotitular dunha explotación agraria, estea de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social.